





ANEXO XVII ESQUEMA DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DISCIPLINARIO (TRAMITACIÓN: ETAPAS, RESPONSABLES E PRAZO)

TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO: SITUACIÓN DE ACOSO ESCOLAR			
ETAPAS	RESPONSABLE/S	PRAZO MÁXIMO	OBSERVACIÓNS
1 Incoación do procedemento disciplinario	Persoa titular da Dirección do centro	 12 DÍAS LECTIVOS  <i>NOTA: no cómputo do prazo máximo terase en conta o tempo transcorrido dende que se tivo coñecemento dos feitos. O procedemento conciliado interrompe o prazo.</i>	Cando da análise da información (3. ^a fase do protocolo) se confirme unha situación de acoso.
2 Nomeamento da persoa instrutora do expediente disciplinario	Persoa titular da Dirección do centro		A persoa instrutora do expediente correspóndese coa persoa designada como responsable da tramitación do protocolo de acoso escolar (1. ^a fase do protocolo).
3 Notificación da incoación do procedemento ao alumnado e ás súas familia/s (cando sexa menor de idade) Incluirá indicación da conduta que o motiva, as correccións de acordo coa lexislación de aplicación e a identificación da persoa instrutora.	Persoa titular da Dirección do centro		Os pais ou representantes legais do/a alumno/a, ou este se é maior de idade, poden recusar a persoa instrutora perante o/a director/a do centro cando da súa conduta ou manifestacións poida inferirse falta de obxectividade na instrución.
4 Comunicación da incoación do procedemento disciplinario á Inspección Educativa	Persoa titular da Dirección do centro		
5 Notificación da incoación do procedemento disciplinario ao profesorado titor do alumnado implicado	Persoa titular da Dirección do centro		
6 Instrución do procedemento	Persoa instrutora do procedemento disciplinario		Incluirase a recollida de información realizada ante unha situación de posible acoso escolar (2. ^a fase do protocolo).
7 Trámite de audiencia ao alumnado e coa/s súa/s familia/s (cando sexa menor de idade)	Persoa instrutora do procedemento disciplinario		Convocatoria de comparecencia en horario lectivo no que poderán acceder a todo o actuado e da que se levantará acta.
8 Proposta de resolución do procedemento disciplinario	Persoa instrutora do procedemento disciplinario		Esta proposta seralle trasladada á Dirección do centro con toda a documentación do expediente.
9 Resolución do procedemento disciplinario: - Notificación ao alumnado e ás súas familias (cando sexa menor de idade) - Comunicación á Inspección Educativa	Persoa titular da Dirección do centro		- A resolución ponlle fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. - Contra a resolución cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de 10 días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da LOE.